

Mércores, 27 de marzo de 2019

Núm. 60

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIBADUMIA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN E EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DO IVTM 2019

APROBACIÓN E EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM) 2019

ANUNCIO NOTIFICACIÓN COLECTIVA

Por Decreto de data 08 de marzo de 2019 aprobouse o padrón do Imposto sobre Tracción Mecánica correspondente ao ano 2019 do Concello de Ribadumia. A dita resolución é definitiva en vía administrativa.

O padrón fiscal exporase ao público nas oficinas municipais no prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, anuncio que ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Regulamento Xeral de Recadación. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinalo e formular contra os actos que se notifican, ante a Presidencia deste Concello, recurso de reposición previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, en relación co establecido nos artigos 23 o 25 do Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e o artigo 62 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, de 17 de decembro, ponse en coñecemento dos contribuíntes afectados, que o prazo de ingreso, en período voluntario, da taxa polos conceptos de imposto sobre vehículos de tracción mecánica correspondente ao ano 2018 será o comprendido entre o 15 de marzo e o 20 de maio de 2019, ambos inclusive, (ou o inmediato hábil posterior se aqueles foran festivos), no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora. Para os recibos domiciliados a data de cargo en conta será o día 10 de abril de 2019

O imposto deberá satisfacerse a través das seguintes entidades bancarias: ABANCA e BANCO SABADELL.



Mércores, 27 de marzo de 2019

Núm. 60

Transcorrido o prazo voluntario, os débitos impagados serán esixidos polo procedemento executivo, e devengarán os recargos do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se xeren, de conformidade co establecido nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O alcalde – presidente

David José Castro Mougán

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:YZCQNJ6MFUL2G812

